



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



ANEXO TÉCNICO-ECONÓMICO PARA A EXECUCIÓN DA MEDIDA 202595S3M04 **PLAN DE MARKETING E COMUNICACIÓN 360 DA OPPNOIA**

A. ENCADRAMENTO E OBXECTIVOS A LOGRAR CO PLAN DE MARKETING E COMUNICACIÓN 360 E COAS ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN

A.1 Encadramento

Esta asistencia técnica encadrase dentro do Plan de Promoción e Comercialización da Organización de Produtores Pesqueiros de Noia - OPPNoia do ano 2024-2025.

Esta medida está completamente vinculada cos obxectivos OCM recollidos na recomendación da Comisión de 3 de marzo de 2014 relativa a aplicación dos Plans de Producción e Comercialización seguintes:

- 3.1.3.2. Mellora das técnicas de trazabilidade
- 3.1.3.4. Preparación e realización de accións de comunicación e información aos consumidores.

A.2 Alcance do Plan e das campañas anuais

O Plan de Marketing e Comunicación que se pretende desenvolver ten que establecer as liñas xerais da estratexia de comunicación e de márketing da OPP NOIA para poñer en valor o marisqueo e os produtos marisqueiros dos socios da OPP.

O Plan deberá definir de forma clara e completa todos os aspectos que teñan relación coa labor de representación e defensa dos intereses dos produtores asociados da OPP, así como da promoción dos produtos comercializados polo mesmo. Deberá así mesmo avaliar as necesidades en materia de comunicación e das accións relativas á información dos consumidores e deberase materializar.

Este plan irá acompañado da realización de campañas anuais de accións de comunicación e información aos consumidores.

A3 Obxectivos da OPPNOIA con esta medida

Os obxectivos que persegue a OPPNOIA centranse en mellorar valorización do sector marisqueiro de Noia e o labor dos seus asociados. Por iso o Plan de Marketing e Comunicación ten que ser unha das súas ferramentas principais para conseguir esas metas e converterse nunha entidade representativa do marisqueo en ante os consumidores, institucións e o propio sector.

Este Plan de Comunicación e Marketing, por tanto, ten que definir:

- os principais eixos de comunicación da OPPNOIA baseados en áreas como por exemplo a Sustentabilidade/Innovación, a Nutrición/Saúde e o impacto socioeconómico que ten o sector marisqueiro sobre a sociedade, os territorios onde desenvolve a súa actividade e, en xeral, o conxunto da sociedade.
- os obxectivos que se queren alcanzar, coa orde das tarefas e as accións que se realizarán para iso, en liña cos seus fins e valores e o público ao que se quere impactar.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- as necesidades en materia de comunicación
- a planificación das accións relativas á información dos consumidores.

B. TRABALLOS A REALIZAR, ANUALIDADES E ORZAMENTO

Os presentes traballos poderán ser desenvolto por distintas empresas segundo os lotes que se presentan e para os que presenten ofertas.

LOTE 1. PLAN DE MARKETING E COMUNICACIÓN 360

Anualidade 2024: Total orzamento 5.100,00 € Impostos non incluídos)

Traballo 1. Plan de Marketing. Parte A Auditoría inicial da marca Berberecho de Noia: Estudo de análise de mercado e da contorna competitiva. Análise DAFO. (202595SEM04_Acción 2)

- Contidos mínimos do entregable:
 - Auditoría inicial da marca Berberecho de Noia:
 - Análise do mercado dos produtos da OPP Noia
 - Análise da contorna competitiva dos produtos.
 - Análise DAFO.
- O documento incluírá os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia. (Modelo subministrado pola OPP)
- Prazo de execución ata o 30/12/2024
- Orzamento de licitación da anualidade: 2.100.00 € (impostos non incluídos)

Traballo 2. Planificación, deseño e seguimento das accións de comunicación en 2024. (202595SEM04_Acción 5)

- Entregables:
 - Definición do Plan de accións de comunicación 2024.
 - Deseño de materiais da campaña (ads, outros)
 - Deseño e redacción de contidos da campaña.
- Os documentos e o material da campaña incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia. (Modelo subministrado pola OPP)
- Prazo de execución: 30/12/2024
- Orzamento de licitación da anualidade: 3.000.00 € (impostos non incluídos)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



Anualidade 2025. Total orzamento: 9.850,00 € (Impostos non incluídos)

Traballo 3. Plan de Marketing e comunicación. Parte B.- Definición de obxectivos, público obxectivo e canles de comunicación. Deseño da estratexia e un plan de acción. (202595SEM04_Acción 3)

- Contidos mínimos do entregable:
 - Definición de obxectivos, público obxectivo e canles de comunicación.
 - Estratexia e eixes estratéxicos.
 - Plan de Acción. Deseño estratéxico de accións.
- O documento incluírá os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia. (Modelo subministrado pola OPP)
- Prazo de execución: 30/03/2025
- Orzamento de licitación da anualidade: 2.800.00 € (impuestos non incluídos)

Traballo 4. Planificación, deseño e seguimento das accións de comunicación en 2025. (202595SEM04_Acción 5)

- Entregables:
 - Definición do Plan de accións de comunicación 2025.
 - Deseño de materiais da campaña (ads, outros)
 - Deseño e redacción de contidos da campaña.
- Os documentos e o material da campaña incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia. (Modelo subministrado pola OPP)
- Prazo de execución: 30/12/2025
- Orzamento de licitación da anualidade: 5.850.00 € (impuestos non incluídos)

Traballo 5. Estudo de ferramentas aplicables para a comunicación interna. (202595SEM04_Acción 4)

- Contidos mínimos do entregable:
 - Auditoría de ferramentas de comunicación interna actuais
 - Análise benchmarking de ferramentas utilizadas en comunicación interna noutras entidades referentes.
 - Proposta de ferramentas de comunicación interna
- O documento incluírá os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia. (Modelo subministrado pola OPP)
- Prazo de execución: 31/03/2025
- Orzamento de licitación da anualidade: 1.200.00 € (impuestos non incluídos)



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



Total orzamentos: 14.950,00 € (Impostos non incluídos)

- Anualidade 2024: 5.100,00 €
- Anualidade 2025: 9.850,00 €

LOTE 2 CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN 2024.

Anualidade 2024: Total orzamento 9.400,00 € Impostos non incluídos)

Traballo 1. Execución da campaña de comunicación de 2024. (202595SEM04_Acción 5)

- Campaña 1. Google Ads. 2024.
 - Características mínimas da campaña
 - Campaña Display en Google Ads.
 - Medios e páxinas de interese autonómico.
 - Público obxectivo o definido nos traballos do Lote 1 pola responsable da Planificación, deseño e seguimento das accións de comunicación en 2024.
 - As publicacións incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
 - Achegaranse evidencias das publicacións realizadas e un informe detallado de publicacións e impacto seguindo as instrucións da empresa responsable do seguimento da campaña
- Campaña 2. Hum e Sabe Ben. Reportaxes en especial fin de semana da Voz de Galicia.
 - Características da campaña
 - Reportaxe no especial fin de semana da Voz de Galicia en prensa escrita
 - Reportaxe na canle dixital de gastronomía da Voz de Galicia
 - Público obxectivo o definido nos traballos do Lote 1 pola responsable da Planificación, deseño e seguimento das accións de comunicación en 2024.
 - As publicacións incluírán os logotipos OPP95, FEMPA e Xunta de Galicia e serán subministrados pola adxudicatario responsable do deseño dos contidos.
 - Achegarase copia da publicación e papel e en dixital xunto cun informe de impacto tanto da publicación escrita como da dixital seguindo as instrucións da empresa responsable do seguimento da campaña.
- Campaña 3. Campaña de radio Nadal 2024.
 - Características da campaña
 - 24 cuñas de radio de 20 segundos en Cadena Ser Galicia.
 - Emitíranse en ámbito autonómico nas semanas previas a Nadal e Fin de ano.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR



Cofinanciado por
la Unión Europea



- Público obxectivo o definido nos traballos do Lote 1 pola responsable da Planificación, deseño e seguimento das accións de comunicación en 2024.
 - As cuñas de radio evidenciarán o apoio recibido do Fondo Europeo Marítimo , de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e da Xunta de Galicia para a execución da medida por parte da OPP95 Noia.
 - Achegarase un arquivo de audio coas creatividades e cun exemplo desa cuña, xunto cun informe de impacto seguindo as instrucións da empresa responsable do seguimento da campaña.
- Prazo de execución das campañas: 30/12/2024
- Orzamento de licitación da anualidade: 9.400,00 € (impostos non incluídos)

ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN:

- Lote 1.: 14.950,00 €
- Lote 2.: 9.400,00 €
- Total máximo licitación: 24.350,00 € (Impostos non incluídos)

OBSERVACIÓNS APLICABLES A AMBOS LOTES.

- (1) Emitirase unha factura proforma desglosada para cada lote e para cada ano no que se presente oferta. Esa factura proforma incluírá as partidas e as unidades que se indican neste anexo a dous decimais como máximo.
- (2) Na factura proforma non se poderán superar os importes máximos para cada traballo e anualidade dentro de cada lote.